

Aforro na auga de rega e outros insumos mediante novas tecnoloxías (PP2022-A8)

## Obxectivos propostos

Antes da execución do proxecto, establecéronse varios obxectivos clave para mellorar a xestión da auga na agricultura.

Sistema de control e monitorización en tempo real:

- Dispoñer dun sistema accesible para todos os regantes.
- Permitir unha xestión rápida e eficiente do recurso hídrico.
- Proporcionar información precisa e actualizada sobre o consumo de auga en cada unidade de rega.
- Facilitar axustes nas prácticas de rega segundo as necesidades actuais dos cultivos.

Acceso a datos meteorolóxicos e de humidade do solo:

- Ofrecer datos en tempo real para decisións informadas sobre rega e aplicación de fertilizantes.
- Permitir anticipar condicións climáticas como evaporación e precipitacións.
- Proporcionar información detallada sobre o contido de auga dispoñible para as plantas.

Control remoto:

- Permitir aos regantes xestionar e axustar os sistemas de rega e fertilización desde calquera localización.
- Mellorar a flexibilidade operativa e facilitar a resposta rápida a cambios imprevistos ou emerxencias.

## Obxectivos alcanzados

Mellora na xestión da auga:

- Os regantes poden xestionar de xeito rápido e eficiente o uso da auga, adaptándose ás condicións cambiantes.
- Establécese unha vixilancia precisa do consumo de auga, o cal asegura a cantidade óptima para o desenvolvemento das plantas.

Optimización do uso de recursos:

- O acceso en tempo real a datos meteorolóxicos e de humidade do solo que resulta clave para a optimización do uso de auga, fertilizantes e fitosanitarios
- A integración destes datos permite unha planificación máis precisa, reduce o risco de aplicación excesiva de recursos e mellora a saúde dos cultivos.

Flexibilidade e eficiencia operativa:

- O control remoto permite axustes e control do sistema desde calquera lugar, o que facilita unha xestión proactiva e unha resposta rápida a incidencias.

A implementación deste sistema de control e monitorización deu lugar a unha xestión máis eficiente do recurso hídrico, polo que permitiu optimizar o uso de fertilizantes e aumentar a sustentabilidade das prácticas agrícolas.